

ERA UNHA VEZ EN... HOLLYWOOD

Quentin Tarantino, 2019

580

ESTREA EN NUMAX: 23.08.2019 | V.O.S.E. | +16

Once Upon a Time in... Hollywood (2019, 165')

Dirección: Quentin Tarantino

Guión: Quentin Tarantino

Elenco: Leonardo DiCaprio, Brad Pitt, Margot Robbie, Al Pacino, Kurt Russell, Bruce Dern, Timothy Olyphant, Michael Madsen, Tim Roth

Son: Lindsey Alvarez

Dirección de arte: John Dexter

Vestuario: Kelly Porter

Montaxe: Fred Raskin

Música: Mary Ramos, Gary Raymond, Jim Schultz

Fotografía: Robert Richardson

Produtora: Sony Pictures Entertainment, Heyday Films, Visiona Romantica (EEUU)

Distribuidora: Sony

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Os odiosos oito, 2015

Django desencadenado, 2012

Malditor bastardos, 2009

Death Proof, 2007

Kill Bill 1 e 2, 2003/2004

Jackie Brown, 1997

Pulp Fiction, 1994

Reservoir Dogs, 1992

SINOPSE

Rick Dalton, actor de western televisivo vido a menos, xunto con Cliff Booth, o seu mellor amigo e dobre nas secuencias de acción, tentan abrirse camiño nun Hollywood onde se viven ventos de cambio.

«Un filme celebratorio, lúdico, calidoscópico, nostálxico, fascinante e divertido»

Diego Batlle, OTROS CINES



“Quería celebrar a vida de Sharon Tate, unha persoa definida pola súa morte”

Entrevista con Quentin Tarantino
Por Stephanie Zacharek

Era unha vez... en Hollywood, ao igual ca *Jackie Brown* está feita desde o afecto polos teus personaxes e por Los Angeles. Atopas algunha conexión entre os dous filmes? Atopo. En ambos casos recrei Los Angeles na miña mente. Neste filme, trátase do Los Angeles de cando eu tiña 6 ou 7 anos. Foi doado lembrar todo aquilo. Meu pai conducía un Karmann Ghia¹ e por iso Cliff [Brad Pitt] conduce un no filme. Os cartaces na estrada, a radio, os programas de televisión, os cartoons, todo está na miña memoria. O libro no que se basea *Jackie Brown*² desenvólvese en Florida. Eu en cambio localiceino en South Bay, California, que é onde pasei a década dos 80 e quería reflectilo nun filme. Pero é certo que traballo personaxes melancólicos. En ambos filmes teñen que lidar coa súa mortalidade. As cousas non saíron como eles agardaban e agora xa transitaron máis treito de existencia do que lles espera por vivir.

¹ Automóbil convertíbel de dúas prazas comercializado por Volkswagen entre 1955 e 1974.

² *Rum Punch* (Elmore Leonard)

Como foi o proceso de escolla de Margot Robbie como Sharon Tate?

Vina nun par de traballos e pensei, ela é a persoa axeitada. Calquera outra tería sido unha segunda opción. Ademais paseille o guión a algúns colegas e dixeron: «O papel vaino facer Margot Robbie, verdade?». Escribinlle coa proposta só unha semana despois de ter rematado o guión e todo foi moi doado.

Tate fixo varios filmes antes de morrer. Moita xente coñecía como a vítima de Manson pero o teu filme dálle unha segunda vida na pantalla. Porén, algúns críticos din que non ten moitas liñas de diálogo no filme. Que opinas desas críticas? Tería sido doado crear liñas de guión para Sharon con novos personaxes que interactuasen e falasen con ela. E o mesmo para Rick e Cliff. Pero houbo un momento no que pensei: non precisamos unha historia. Eles son a historia. Pasemos simplemente un día na vida destes personaxes. Compartamos a súa vida por un día. No caso de Sharon, parecíame que tiña certa fermosura celebrar a vida dunha persoa definida pola traxedia da súa morte. Vemos como conduce, camiña e fai todo o que calquera persoa de Los Angeles realiza acotío. Vive a súa vida que é, de certo, o que non tivo oportunidade de facer.

Foi difícil capturar a esencia dunha persoa que desapareceu de maneira tan trágica? No filme ela é real, pero tamén é unha presenza. É de carne e óso, pero tamén é unha idea. Aprendín esas cualidades falando con xente que a coñeceu de verdade.

Coma quen? Falei con Warren Beatty, coa súa irmá Debra, con varias actrices coas que traballou. Tamén con xente que coñeceu a Sharon, Roman Polanski e Jay Sebring. Todos lembran a súa doce presenza como demasiado fermosa para este mundo.

A filmación e o mundo do cinema ten mudado abondo desde que comezaches. Preocúpaste polos espectadores novos e a posibilidade de que non manexen as túas referencias da cultura pop? Por unha banda, amólame que non saiban máis do que saben. Pola outra, son rápidos e teñen ferramentas para explorar. Cada vez que lle dou o texto do filme a algún millennial no canto de lelo do tirón buscan en Google cada referencia ou nome que aparece.

Publicado en <https://time.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Quentin Tarantino (Knoxville, Tennessee, 1963) é un dos máis celebres autores do cinema contemporáneo, acumulando milleiros de fans en todo o mundo co seu particular universo creativo: narracións non lineais, linguaxe satírica, extensos diálogos, referencias á historia do cinema, á cultura popular, inmortalas bandas sonoras, etc. Desde que en 1992 debutase con *Reservoir Dogs*, a obra de Tarantino foise poboando de filmes emblemáticos que contaron coa admiración de público, crítica e festivais: *Pulp Fiction* (Palma de Ouro e Oscar ao Mellor Guión 1994), *Jackie Brown* (Nomeado a Mellor Actor, 1997), *Kill Bill 1 e 2* (2003/2004), *Malditos bastardos* (Mellor Actor de Reparto, 2009) ou a máis recente e estreada en NUMAX, *Os odiosos oito* (Oscar e Globos de Ouro á Mellor Banda Sonora 2015).

NA LIBRARÍA NUMAX

Tráiganme la cabeza
de Quentin Tarantino, Julián Herbet.
Random House, 2018

Quentin Tarantino,
Ramón Alfonso. T&B Editores, 2016

Los odiosos ocho, Quentin Tarantino.
Eone [DVD]

Malditos bastardos, Quentin Tarantino.
Universal [DVD]

Pulp Fiction, Quentin Tarantino.
Emon [DVD]

Jackie Brown, Quentin Tarantino.
Emon [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax